


Xian recomenda: *O bichero IX (Run is life)*, de Davila. Esta é unha recomplación de tiras de humor gráfico.



O libro ten varias partes: "Política", "Xente de aquí" e tamén "Un pouco de todo". É un libro que ten viñetas cómicas moi graciosas e entretidas feitas polo autor, Luis

Davila.

Raúl recomenda *A proba de auga*, de Anémona de Río.

A proba de auga é unha banda deseñada baseada no corpo humano no que cada persoa representa unha parte do organismo. Este cómic trata dun virus chamado Alfa, que entra no organismo e os glóbulos brancos, o exército do corpo, que vai tras el. Alfa resulta non ser o que parece, e unha nova traballadora axuda a escapar do corpo. Este cómic é da autora **Anémona de Río**, pseudónimo de Aldara Álvarez García.



Raúl recomenda *Astérix en Italia*, unha banda deseñada francesa con texto de **Jean-Yves Ferri** e debuxado por **Didier Conrad**. *Astérix en Italia* trata de dous galos en



territorio romano que se apuntan a unha carreira de carros en Italia. A carreira consiste nunha volta a Italia para que César demostre que as estradas están en perfecto estado. Na súa travesía, encóntranse co mellor corredor, "Coronavirus", quen durante a

carreira fai trampas, pero na última etapa retírase. E alguén faise pasar por el.

Xian recomenda: *Las abuelas dan el golpe*, de **Raquel Franco** e **Cristina Bueno**. Este é un cómic cheo de

tenrura e humor. Este libro trata de catro avoas que van roubar un banco e non o conseguen, porque salta a alarma e quedan seis horas pechadas cos policías, e logo irán ao cárcere. Opinión: É un libro entretido, sobre todo a parte na que están dentro do banco.



Recomendacións de BD (banda deseñada)



Mortadelo y Filemón nunha exposición. Foto de Ferran Cornellà - CC BY-SA 4.0,

<https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=48607128>

Maio 2021



Bibliotecas escolares de Galicia



Guía elaborada por:
Alumnado de ITI 1º e Biblioteca Escolar

Alex recomenda: *Shino non pode dicir o seu nome*, de Shuzo Oshimi.



Este *manga* ou banda deseñada xaponesa trata dunha rapaza, Shino, que non pode pronunciar o seu apelido (Oshima), debido á súa tartamudez. Este é un problema moi particular, xa que a protagonista trábese ao pronunciar as palabras que empezan por vogal, de aí o seu problema co seu apelido "Oshima".


Alex recomenda: *The Mark of Watzel*, de Tomo Taketomi, outro *manga* xaponés.

Jason era un famoso actor dunha serie, *The Mark of Watzel* pero a agora é só un estafador. Entón recibe o encargo para "enganar" a unha nena chamada Erin, á que só lle quedan uns meses de vida e polo que o pai pide que o seu ídolo Jason lle axude a superar a enfermidade.



Anxo recomenda: *A través del Khamsin 1*: Unha banda deseñada española, de Skizocriilian Studio.

Trata sobre unha cidade do deserto, na que o aspecto dos cidadáns decide a súa clase social. Os humanos desprezan aos cans e gatos, que teñen que sobrevivir nun entorno moi hostil. Pero tras anos de levarse mal, o fráxil equilibrio está a punto de romper... Estes libros parecéronme moi interesantes, porque van das aventuras de seres antropomórficos.




Anxo recomienda: *A través del Khamsin 2*: Segundo volume das aventuras de Ryuki e Koga.

Tras fuxir ás presas da cidade, Ryuki e Koga teñen que reunirse no poboado nómade con Ren, que lles revela os segredos dos Sorgin. O que podería parecer un simple paseo polo cárcere abandonado acaba nunha perigosa aventura, e para colmo, o *Khamsin* comeza a descontrolarse.




Xoán recomenda: *Manual de escola*, de Xosé Tomás.

Este libro de humor gráfico explica mediante viñetas e chistes como vemos os estudantes as escolas e os institutos, cunha mirada crítica do sistema educativo.



Xoán recomienda: *Rompetechos "Con dioptrías coma sandías"*, de F. Ibañez

Recomendo esta banda deseñada porque é moi divertida e graciosa.



O personaxe principal é un home chamado *Rompetechos*, que anda en busca de traballo, e proba en varios diferentes, pero tanto no traballo como na casa, como non ve nada, equivócase seguido e acaba liándoo todo: bótano dos traballos e enfada a xente.